

POR TI, POR MIN, TRABALLO DECENTE

X XORNADA MUNDIAL POLO TRABALLO DECENTE

7 de outubro de 2024

Con motivo da celebración da Xornada Mundial polo Traballo Decente do 7 de outubro e coincidindo co seu décimo aniversario, a rede eclesial "Igrexa polo traballo decente" proponnos de novo reflexionar sobre estes aspectos da xustiza social que seguen sendo un desafío para a nosa sociedade.

En efecto, a "doutrina social" da Igrexa insiste en que cada individuo ten dereito a un traballo digno que lle permita desenvolverse plenamente como ser humano. Iso significa que a dignidade da persoa traballadora debe estar no centro das decisións políticas e económicas, de modo que se xeren oportunidades de traballo decente, se protexan e promovan os dereitos laborais.

O lema desta campaña «Por ti, por min, traballo decente», subliña que a procura do ben común aféctanos a todos e debe ser o obxectivo principal do conxunto da comunidade, por suposto particularmente de quen ten responsabilidade política ou maior capacidade de determinar os procesos sociais e económicos.

Para a realización do ben común, ten hoxe una certa urxencia atender ás circunstancias laborais que viven entre nós as persoas migrantes, que sofren de maiores vulnerabilidades e que a miúdo non puideron aínda regularizar a súa situación.

Os abusos son posibles e danse de feito. Sempre serían completamente inaceptables, pero máis aínda cando se trata de persoas con menos recursos – familiares e sociais–, ás que o Evanxeo nos pide atender con prioridade.

Os abusos –e mesmo delitos– poden darse baixo unha aparencia de normalidade, ás veces ante os nosos propios ollos, como sucede por exemplo

no caso de trata. O Papa Francisco pediunos, de feito, que deamos prioridade a quen sofre trata neste ano do Xubileu romano de 2025.

A atención real ao “traballo decente” implica defender os dereitos laborais de todos. Neste caso das persoas migrantes, significará tamén apoiar o seu camiño de integración social e laboral, particularmente nas relacións –moitas veces complicadas– coas administracións públicas. E poderá ser ocasión de xerar iniciativas e proxectos que respondan a esta necesidade; pode mencionarse, por exemplo, o de “Arraigamento para a formación” que se ofrece desde Caritas. O apoio a estas iniciativas, imprescindible para o seu éxito, será cousa de todos, das administracións públicas, pero quizá máis aínda de quen conforma xa a realidade da nosa vida laboral.

O “traballo decente” é parte constitutiva do ben común da nosa sociedade. E é unha riqueza para todos, “para a min e para ti”, porque nos axuda a cada un para vivir con paz e xustiza. Como cristiáns sabemos ademais que é expresión da caridade verdadeira para co próximo, ao que habemos de amar como a nós mesmos.

Esta campaña, que cumpre dez anos, é unha axuda e unha chamada para gardar viva a conciencia da centralidade do traballo para a realización da propia existencia, e da urxencia de darlle a súa forma “decente” nas circunstancias que vivimos actualmente, tan proclives a esquecer a dignidade da persoa e a sacralizar dalgún modo a avaricia e o dereito do máis forte.

A caridade, alma da vida de todo cristián, ilumina para nós o rostro do próximo, dá claridade e certeza á percepción do que é xusto e fortalece ao corazón ante tarefas e desafíos. Que a caridade –e por tanto a xustiza– poida seguir conformando a nosa vida, na familia, nas nosas relacións laborais, e, por conseguinte, tamén as institucións sociais e a lexislación laboral. Será unha contribución preciosa para o ben de cada un e o ben común de todos.

+ Alfonso,
Bispo de Lugo